



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O CATORCE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE

Na Casa do Concello da Illa de Arousa, sendo as vinte horas do día da data, reúnese con carácter ordinario, en primeira convocatoria, o Pleno deste Concello.

Preside a sesión o Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Iglesias Cores, asistindo os Sres. Concelleiros que máis adiante se relacionan.

Actúa como Secretario o da Corporación, D. Daniel Ángel Lamas Bello.

CONCELLEIROS PRESENTES.


D. Carlos Iglesias Cores
Dna. Rosa María Viana Rodríguez
D. Luis Arosa García
Dna. Gabriele Freiin Von Hundelshausen
D. Alfonso Salgado Alonso
Dna. María Salome Franco Charlín
D. Juan José González Vázquez
D. Manuel Dios Rodríguez
Dna. María Araceli Santiago Guillán
D. Miguel Paz Cores
D. David Mochales Vigo

CONCELLEIROS AUSENTES.

Declarado aberto o acto, e dado que existe o quórum esixido no artigo 90.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, comeza o debate dos asuntos incluídos no seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.- Dación de conta de Decretos e Resolucións de Alcaldía.
- 3.- Aprobación da concesión de terceira prórroga para a execución da obra de "Rehabilitación das vivendas nº 1, 3 e 5 da R/ Marqués de Bradomín para equipamentos socioculturais".
- 4.- Moción do Grupo do PP relativa á adopción de medidas para paliar as consecuencias do COVID-19.
- 5.- Moción do Grupo do BNG relativa á elaboración dun plan de reactivación económica.
- 6.- Moción do Grupo do BNG relativa á mellora da R/ Lagartíño.
- 7.- Rogos e preguntas.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

De conformidade co establecido no art. 91 do RD 2568/86, de 28 de novembro, o Sr. Alcalde invita ós presentes a formular alegacións ó contido da acta da sesión de 05 de marzo de 2020.

Non habendo intervencións, a acta apróbase por unanimidade de todos os Concelleiros.

2.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS E RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

Os Voceiros dos distintos Grupos Políticos danse por enterados.

3.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE “REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURAIS”.

Na Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Tráfico e Persoal adoptouse o ditame que transcrito literalmente di:

“Procedéndose á votación, acórdase con tres votos a favor dos tres Concelleiros do PSOE e tres abstencións dos dous Concelleiros do PP e do Concelleiro do BNG ditaminar favorablemente a aprobación da concesión de terceira prórroga para a execución da obra de “Rehabilitación das vivendas nº 1, 3 e 5 da R/ Marqués de Bradomín para equipamentos socioculturais”. Non obstante o Pleno, co seu maior criterio, adoptará o que estime oportuno.”

O Sr. Alcalde da conta do expediente e da proposta de Alcaldía, que transcrita literalmente di:


“D. Carlos Iglesias Cores, Alcalde-Presidente do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra)

EXPÓN

Visto que o Pleno do Concello, en data 01 de marzo de 2018, acordou a aprobación do expediente de contratación da obra “Rehabilitación das vivendas n.º 1, 3 e 5 da R/ Marqués de Bradomín para equipamentos socioculturais” mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, con carácter plurianual e tramitación urxente, convocando a súa licitación.

Visto que en data 22 de outubro de 2018 o Pleno do Concello acordou adxudicar a obra á entidade ACCIONA CONSTRUCCIÓN SA – RAMIREZ CONSTRUCCIONES SLU, por un importe de 2.062.809,92 euros e 433.190,08 euros en concepto de IVE, cun total de 2.496.000,00 euros, melloras en mobiliario e equipamento interior dos edificios valoradas en 42.975,21 euros e cun prazo de execución de doce meses.

Visto que o contrato administrativo asinouse en data 13 de novembro de 2018, comezando a súa execución no mes de decembro de 2019 e emitíndose ata o de agora dezasete certificacións por importe de 2.043.613,95 euros, que representa o 81,88 por cento de execución.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Visto que o Pleno do Concello en data 07 de novembro de 2020 aprobou unha prórroga de execución de 3,5 meses, e que debía rematar a execución da obra en data 05 de marzo de 2020.

Visto que o Pleno do Concello en data 05 de marzo de 2020 aprobou unha segunda prórroga de execución da obra, debendo rematar esta en data 30 de abril de 2020.

Visto que en data 05 de maio de 2020 as entidades Acciona Construcción SA e Construcciones Ramírez SL presentan petición de ampliación de ata o 29 de maio de 2020 no prazo de execución da obra de “Rehabilitación das vivendas n.º 1, 3 e 5 da R/ Marqués de Bradomín para equipamentos socioculturais”, motivado ó retraso provocado pola suspensión da obra desde data 30/3/2020 ata 14/4/2020 debido ás medidas adoptadas polo RD Lei 10/2020 que impuxo o cesamento das actividades non esenciais e supuxo a imposibilidade legal dos traballadores que prestaban servizos na mesma de acudir ao posto de traballo.

Visto o informe de Secretaría-Intervención en relación ca posibilidade de concesión de prórrogas no prazo de execución da obra.

Considerando por esta Alcaldía que está xustificada a solicitude de ampliación do prazo.

Formúlase a seguinte PROPOSTA:

A aprobación da concesión de ampliación no prazo de execución da obra de “Rehabilitación das vivendas n.º 1, 3 e 5 da R/ Marqués de Bradomín para equipamentos socioculturais” ata o 29 de maio de 2020, debendo estar rematada nesa mesma data, sen que a mesma afecte ás demais cláusulas do contrato nin que por este motivo teña lugar unha revisión de prezos.

A Illa de Arousa.””

Engade que se acompaña solicitude da entidade adxudicataria, informe favorable da Dirección de Obra, prvidencia de inicio do expediente e informe de Secretaría. Engade que os motivos que xustifican a prórroga, segundo o manifestado pola empresa, son:

- Suspensión da obra desde a data 30/3/20 ata 14/4/20 debido ás medidas adoptadas polo RD Lei 10/2020 que impuxo o cesamento das actividades non esenciais e supuxo a imposibilidade legal dos traballadores que prestaban servizos na mesma de acudir ao posto de traballo.
- Atrasos na execución de obra provocados pola aplicación dos Protocolos de protección contra o COVID-19, así como as consecuencias que está a xerar a aplicación do Estado de alarma decretado polo Goberno.

O Voceiro do Grupo do PP D. Juan José González lembra o que manifestaron na Comisión Informativa, que a segunda prórroga non ía a ser a última, pero está claro que agora si que ten que ser, e alude ó punto da orde do día no que pon “aprobación”. Engade que no escrito da empresa pon que o retraso non lle é imputable a esta e que se reserva a posibilidade de solicitar danos e prexuízos, sen que estas manifestacións teñan ningún tipo de explicación xa que a obra tiña que estar rematada desde hai tempo e desde logo foi culpa da empresa. Remata que van a apoiar a prórroga en base ós argumentos sinalados e destaca a prudencia do informe de Secretaría no que se alude a que se considera que dificilmente van poder rematar a obra en prazo, e desde logo está de acordo ca non aplicación da revisión de prezos. Conclúe informando que se oporán a calquera ameaza de reclamación.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

O Voceiro do Grupo do BNG D. David Mochales destaca a importancia das consecuencias de non rematar a obra en prazo, co risco de perda da subvención, tal e como sinala o informe de Secretaría.

O Sr. Alcalde avanza que se hai reclamación a van a desestimar, que o escrito o fixo o xerente da UTE e os responsables desta non o sabían. Engade que deu a oportunidade d eretiralo e que o venres acercarase o xerente de Construcciones Ramírez para probablemente retirar este punto.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos Concelleiros aprobar a concesión de ampliación no prazo de execución da obra de “Rehabilitación das vivendas nº 1, 3 e 5 da R/ Marqués de Bradomín para equipamentos socioculturais” ata o 29 de maio de 2020, debendo estar rematada nesa mesma data, sen que a mesma afecte ás demais cláusulas do contrato nin que por este motivo teña lugar unha revisión de prezos.

4.- MOCIÓN DO GRUPO DO PP RELATIVA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA PALIAR AS CONSECUENCIAS DO COVID-19.

Na Comisión Informativa de Economía, Facenda e especial de Contas adoptouse o ditame que transcrito literalmente di:

“”Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os Concelleiros ditaminar favorablemente a aprobación da moción do Grupo do PP relativa á adopción de medidas para paliar as consecuencias do COVID-19. Non obstante o Pleno, co seu maior criterio, adoptará o que estime oportuno.””

A continuación o Voceiro do Grupo do PP D. Juan José González procede a dar lectura ó contido da moción, que transcrita literalmente di:


“”Juan José González Vázquez, en representación do Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres 13 de marzo de 2020 publicouse no DOG o Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se declaraba a situación de emerxencia sanitaria ante a evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 na nosa Comunidade Autónoma, que daquela contaba con 7 pacientes ingresados en UCI, 26 en unidades de hospitalización, 79 no domicilio e ningún falecido.

Ese mesmo 13 de marzo, os datos en España eran máis preocupantes: xa faleceran 120 persoas e o número de contaxiados positivos eran 4.209. Esta situación levou ao goberno a declarar o estado de alarma mediante o Real Decreto 463/2020, que entrou en vigor o domingo 15 de marzo.

Agora non é o momento, nin o pleno deste concello o lugar máis axeitado, pero é evidente que a tardanza no peche das fronteiras, a autorización de eventos multitudinarios nos primeiros días de marzo, a indecisión no aillamento dos territorios que contaban ao inicio da crise cun alto número de positivos ou os retrasos e erros derivados da compra centralizada de produtos sanitarios poden ser factores que expliquen que España lidere (a mediados de abril) o ranking





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

mundial de falecidos por habitante. E detrás desas frías cifras hai milleiros de españois que faleceron sen poder despedirse dos seus seres queridos e esa mesma soidade a padeceron tamén no momento do seu soterramento. Dende este grupo municipal queremos testemuñar todo o noso apoio e solidariedade a esas familias, así como o recoñecemento a todos os profesionais da saúde, dos servizos sociais, da seguridade pública e dos restantes servizos esenciais e a todos os voluntarios que están contribuíndo co seu labor a paliar ou minimizar os danos causados por esta pandemia. Por todos eles, agora é o momento da unidade.

A declaración do estado de alarma e a situación de emerxencia sanitaria estableceron a suspensión ou limitación dun número importante de actividades sociais e económicas, así como restricións na mobilidade das persoas (a través do Real Decreto 463/2020) ante o risco para a saúde pública que supón a propagación deste virus.

Todas as administracións debemos traballar coa máxima lealdade e coordinación para implementar, dentro do noso respectivo marco competencial, medidas que garantan a seguridade e a saúde dos cidadáns, así como tamén aquelas que contribúan a minimizar o impacto económico e social derivado desta crise sanitaria.

E, en primeiro lugar, nós debemos velar porque o noso concello, en función das nosas disponibilidades orzamentarias e persoais, e dado o seu carácter de administración máis próxima ao cidadán, preste a millor atención posible aos colectivos máis vulnerables, así como aos sectores máis castigados por esta pandemia co obxectivo de que a recuperación económica e social se produza á maior brevidade posible.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de A Illa de Arousa, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1.- Amosar o pésame desta Corporación ás familias das persoas falecidas durante esta pandemia, así como o noso apoio e recoñecemento a todos os profesionais da saúde, dos servizos sociais, da seguridade pública e dos restantes servizos esenciais e a todos os voluntarios que están contribuíndo co seu labor a paliar ou minimizar os danos causados polo COVID-19

2.- O concello de A Illa de Arousa aprobará e implantará, a través dos correspondentes órganos competentes, e con respecto a legalidade vixente as seguintes medidas:

a) Reforzar as partidas orzamentarias en materia de servizos sociais e promoción económica nas contías necesarias para facer fronte aos gastos do COVID.

b) Reforzo da atención , seguimento e subministración de produtos básicos as persoas maiores e dependentes, colectivos vulnerables, e das axudas para gastos de aluguer e entregas de tarxetas de compra para a adquisición de comida en tendas ou supermercados co sistema de reparto a domicilio naqueles casos que sexa posible.

c) Aprobación dun plan de apoio ás entidades sociais que traballan cos colectivos economicamente máis vulnerables e na loita contra a violencia machista.

d) Reforzo dos servizos de limpeza e planificación diaria das tarefas de desinfección en rúas, edificios públicos, e en particular do mobiliario urbano máis susceptible de propagar o virus. No desenvolvemento destas tarefas solicitarase o apoio da Deputación Provincial.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

e) Concesión extraordinaria de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pago de prezos públicos, taxas locais e impostos municipais aos afectados polo decreto de cese de actividade empresarial non esencial, a ser posible, con unha redución do importe proporcional a os efectos producidos pola inactividade.

f) Axilización do pago de certificacións de obra ou outro tipo de facturas pendentes, así como redución dos tempos medios de pago a provedores, especialmente a autónomos ou pemes,

g) Impulsar o inicio e a tramitación dos expedientes administrativos de contratación proxectados para este exercicio, así como axilizar os procedementos pendentes de adxudicación co obxectivo de reactivar a actividade económica e blindar o emprego.

3.- O seguimento e a verificación do cumprimento das anteriores medidas incluírase como un punto específico da orde do día das sesións plenarias desta Corporación municipal.

En A Illa de Arousa, a día 06 de Maio de 2.020.””

O Voceiro do Grupo do PP D. Juan José González reitera o sinalado na Comisión Informativa en relación ca petición do último parágrafo, e que sexa no punto de rogos e preguntas cando se trate algún asunto dos incluídos na moción se consideran que non se está a prestar ca atención debida. Engade que os primeiros puntos xa se están a cumprir e así o indicou cando a prensa lle preguntou, e informa que se trata dunha moción tipo que se está presentando na maioría dos Concellos. Finalmente sinala que non quere estenderse en críticas cara o goberno central, que se fará máis adiante, aínda que destaca que actualmente a política se está convertendo en ataques de uns contra outros.


O Voceiro do Grupo do BNG D. David Mochales está de acordo co contido da moción. Non obstante sinala que ó comezo da cuarentena tratou co Alcalde a posibilidade de que vinte voluntarios que se ofreceron prestaran a súa axuda para tarefas que puideran xurdir e se lle dixo que non, pedindo explicacións ó respecto.

O Sr. Alcalde sinala que tamén están de acordo ca moción e destaca que os puntos que se solicitan se están a cumprir. En canto á pregunta do Voceiro do BNG, resposta que non foi necesario xa que o departamento de servizos sociais fai o traballo perfectamente apoiado polo resto das administracións. Engade que ademais todos os usuarios esperan discreción e que non todos queren axudas externas.

O Voceiro do Grupo do BNG D. David Mochales sinala que sen embargo para as mascarillas se empregaron medios externos e non se tratou o tema ca debida antelación.

O Sr. Alcalde resposta que o primeiro Concello que actuou foi Sanxenxo e despois A Illa de Arousa, que se ofreceron voluntarios para a súa elaboración e que nun primeiro momento fixéronse 850 unidades que se distribuíron entre as farmacias, e que a tela foi conseguida polo Alcalde de Sanxenxo que se cedeu á Mancomunidad. Engade que posteriormente se conseguiu tela en Salamanca e se fixeron 5.000 unidades máis. Remata sinalando que non obstante quen quera facer voluntariado o pode facer a título individual.

O Voceiro do Grupo do BNG D. David Mochales pregúntase como pode ser que non sexa necesario nun estado de alarma.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

O Voceiro do Grupo do PP D. Juan José González sinala que o importante é dar resposta ás necesidades existentes.

O Voceiro do Grupo do BNG D. David Mochales sinala que na primeira tanda se fixeron 200 mascarillas, e que se confeccionaron por voluntarios. Pregunta por que uns si poden colaborar e outros non e por que non se conecta co voluntariado e en cambio se prestan servizos para outros Concellos.

O Sr. Alcalde resposta que primeiro foron 500, despois 350 e finalmente 5.000, que unha persoa asumiu a portavocía da confección e que lle pode informar, e que foron voluntarios do ramo. Reitera que non foi necesaria a colaboración de voluntarios e entende que a pregunta do Voceiro do Grupo do BNG está perfectamente respostada.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os Concelleiros aprobar a moción do Grupo do PP relativa á adopción de medidas para paliar as consecuencias do COVID-19, adoptando as seguintes medidas:

1.- Amosar o pésame desta Corporación ás familias das persoas falecidas durante esta pandemia, así como o noso apoio e recoñecemento a todos os profesionais da saúde, dos servizos sociais, da seguridade pública e dos restantes servizos esenciais e a todos os voluntarios que están contribuíndo co seu labor a paliar ou minimizar os danos causados polo COVID-19

2.- O concello de A Illa de Arousa aprobará e implantará, a través dos correspondentes órganos competentes, e con respecto a legalidade vixente as seguintes medidas:

a) Reforzar as partidas orzamentarias en materia de servizos sociais e promoción económica nas contías necesarias para facer fronte aos gastos do COVID.

b) Reforzo da atención , seguimento e subministración de produtos básicos as persoas maiores e dependentes, colectivos vulnerables, e das axudas para gastos de aluguer e entregas de tarxetas de compra para a adquisición de comida en tendas ou supermercados co sistema de reparto a domicilio naqueles casos que sexa posible.

c) Aprobación dun plan de apoio ás entidades sociais que traballan cos colectivos economicamente máis vulnerables e na loita contra a violencia machista.

d) Reforzo dos servizos de limpeza e planificación diaria das tarefas de desinfección en rúas, edificios públicos, e en particular do mobiliario urbano máis susceptible de propagar o virus. No desenvolvemento destas tarefas solicitarase o apoio da Deputación Provincial.

e) Concesión extraordinaria de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pago de prezos públicos, taxas locais e impostos municipais aos afectados polo decreto de cese de actividade empresarial non esencial, a ser posible, con unha redución do importe proporcional a os efectos producidos pola inactividade.

f) Axilización do pago de certificacións de obra ou outro tipo de facturas pendentes, así como redución dos tempos medios de pago a provedores, especialmente a autónomos ou pemes.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

g) Impulsar o inicio e a tramitación dos expedientes administrativos de contratación proxectados para este exercicio, así como axilizar os procedementos pendentes de adxudicación co obxectivo de reactivar a actividade económica e blindar o emprego.

3.- O seguimento e a verificación do cumprimento das anteriores medidas incluírase como un punto específico da orde do día das sesións plenarias desta Corporación municipal.

5.- MOCIÓN DO GRUPO DO BNG RELATIVA A APROBACIÓN DUN PLAN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA.

Na Comisión Informativa de Economía, Facenda e especial de Contas adoptouse o ditame que transcrito literalmente di:

“Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os Concelleiros ditaminar favorablemente a aprobación da moción do Grupo do BNG relativa á elaboración dun plan de reactivación económica. Non obstante o Pleno, co seu maior criterio, adoptará o que estime oportuno.”

A continuación o Voceiro do Grupo do BNG D. David Mochales procede a dar lectura ó contido da moción, que transcrita literalmente di:

“David Mochales Vigo, con DNI 35633435H, como Portavoz do grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal presenta a seguinte moción para ser tratada no próximo Pleno municipal

MOCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN GALEGO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


A crise económica e social que xa estamos a vivir como consecuencia da pandemia da covid-19, vai ter unha virulencia especial na Galiza, cunha situación económica xa moi debilitada e dependente.

Nesta situación é imprescindible facer políticas atrevidas, valentes e decididas que rachen coa dinámica de parcheo que o único que fai é sustentar o sistema e rebota os efectos da crise sobre os sectores máis desfavorecidos, sobre as clases populares. Os grandes beneficiados, se non o remediamos serán a banca e as grandes corporacións económicas.

Os concellos non teñen competencias estruturais en materia económica e política fiscal. As decisións que se poidan adoptar para facer fronte á crise dende o ámbito local van depender das medidas legislativas e executivas que se adopten polo Estado e pola Xunta de Galiza.

Para que a administración local poida despregar a súa capacidade de actuación nesta situación é fundamental a derogación da lei de Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (“lei Montoro”), xa que esta lei recolle tres regras fiscais (estabilidade, regra de gasto e débeda) para priorizar o pago da débeda aos bancos).

Esta lei deriva da modificación do art. 135 da Constitución española en 2011. Sen a derogación desta norma as posibilidades de actuación das diferentes administracións veríanse moi minguadas, e quedarían en actuacións de beneficencia.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Están a ser cada vez máis preocupantes as informacións en distintos medios de comunicación da intención do Ministerio de Facenda de utilizar os depósitos remanentes municipais, no canto de permitir que sexan utilizados polos concellos en actuacións da súa competencia. Esta decisión deixaría á administración local sen ningunha capacidade de acción.

Nunha situación como a que estamos a vivir é fundamental a elaboración de mecanismos de solidariedade social nacionais: claridade dos recursos dispoñíbeis en cada nivel de intervención pública, priorización no emprego colectivo destes recursos para que cheguen a quen os precisa (sen que dependa do concello no que residan) e exercicio responsábel das competencias de cada institución, evitando duplicidades, solapamentos e baleiros inadmisíbeis.

Para isto faise preciso a elaboración dun plan galego de reactivación económica e social, consensado entre as distintas administracións, forzas políticas, sectores e axentes sociais. Este proceso debe estar dirixido polo goberno galego e refrendado polo Parlamento Galego.

A FEGAMP, como asociación dos concellos e deputacións galegas, debe xogar un papel fundamental, sen delegar na FEMP a representación dos concellos galegos. Os concellos galegos van ver máis diminuída a súa capacidade de intervención, investimento e gasto se a interlocución municipal ten como referencia o mapa municipal estatal.

Dada a estrutura da economía galega, cunha elevadísima porcentaxe de traballadores e traballadoras por conta propia e pequenas empresas, o plan galego debe ter especialmente en conta a súa situación e establecer axudas directas, complementarias das do estado, para que podan seguir a desenvolver a súa actividade. Debe haber unha actuación urxente do goberno galego a estes sectores da economía, como xa aprobaron outras comunidades autónomas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte


ACORDO

- 1. Instar a Xunta de Galiza á iniciar a elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais. Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.*
- 2. Instar á Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do estado, a autónomos e pemes.*
- 3. Instar á FEGAMP e á Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei Montoro para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto.*
- 4. Manifestar a firme oposición da corporación municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.*

Illa de Arousa, a 5 de maio de 2020

David Mochales Vigo (Portavoz Municipal do BNG).””

O Voceiro do Grupo do PP D. Juan José González sinala que lles parece ben as medidas que se adopten para apoiar a autónomos e empresas en xeral e que a van a apoiar, aínda que despois se verá se a administración destinataria das peticións as acepta. Entende que se pida a





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

derogación da famosa Lei Montoro e lle parece correcta esta petición, pero que para iso ten que haber vontade política, igual que para aprobar os orzamentos, que esa vontade unicamente a ten o goberno central para gobernar, pero non para o demais.

O Sr. Alcalde sinala que o seu Grupo tamén está de acordo ca moción.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os Concelleiros aprobar a moción do Grupo do BNG relativa á elaboración dun plan de reactivación económica, adoptando as seguintes medidas:

1. Instar a Xunta de Galiza á iniciar a elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensuado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais. Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.
2. Instar á Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do estado, a autónomos e pemes.
3. Instar á FEGAMP e á Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei Montoro para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto.
4. Manifestar a firme oposición da corporación municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.

6.- MOCIÓN DO GRUPO DO BNG RELATIVA Á MELLORA DA R/ LAGARTIÑO.

Na Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Tráfico e Persoal adoptouse o ditame que transcrito literalmente di:

“Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos Concelleiros ditaminar favorablemente a Moción do Grupo do BNG relativa á mellora da R/ Lagartiño. Non obstante o Pleno, co seu maior criterio, adoptará o que estime oportuno.”

A continuación o Voceiro do Grupo do BNG D. David Mochales da lectura o contido da moción, que transcrita literalmente di:

“David Mochales Vigo, con DNI 35633435H, Portavoz do Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal presenta a seguinte moción para ser tratada no próximo Pleno municipal deste Concello.

MELLORA DA RÚA LAGARTIÑO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A RÚA LAGARTIÑO, concretamente no extremo que conecta a mesma ca Rotonda do Varadero-Agiuncho non conta con boa visibilidade. Xúntanse outras carencias coma o escaso ancho da calzada ou a falta de beirarúas para os peóns, sumado as diversas propostas e acordos reflectidos sobre a mesma zona, xa sexa para instar a administración competente a limpeza do vial ou iluminación e remate dos tramos máis transitados. Todas estas carencias precisan de solución, polo que propoñemos as seguintes actuacións que serían unha mellora da seguridade das veciñas no seu día a día, tanto en vehículos motorizados ou peonís. Ao mesmo





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

tempo falamos claramente dunha posta en valor da zoa.

A proposta é unha modificación de baixa intensidades que acarrearía baixos custos e problemas de cara á súa realización. Tras coñecer que a propiedade do terreo lindante á marxe esquerda (antiga Allesa) é da Confraría, propoñemos os seguintes acordos.

-Negociar coa Confraría e demais actores implicados para a cesión do espazo necesario. Posteriormente proceder á ampliación da calzada e a creación de beirarúas e alumeado.

-Trazar un plan de acción común de cara á posta en valor da zona e a seguridade da mesma, tendo en conta as peticións das veciñas e as necesidades, así coma todas executr os acordos anteriores sobre esta Rúa aprobados en anteriores plenos.

Ademáis, ó noso parecer, debería de ter en conta os seguintes puntos:

- ***Impacto lumínico*** (sobre todo de cara o mar).
- ***Impacto medioambiental:*** *No conxunto da zona, que en menos de 10 anos mudou completamente a paixase, sumándose a esta mesma estrada obras de gran calibre tales coma o Varadoiro e o Pantalán Novo, o que seguramente acarrearía unha baixada de calidade das augas da zona e a súa consecuente perda de biodiversidade da mesma, tanto no marítimo coma tamén no terrestre.*
- ***Impacto visual*** (buscando unha coherencia común co entorno, evitando mezclas de estilos incoherentes coma as vistas noutras rúas e zonas locais).

Elevamos esta moción ao Pleno para a súa votación e debate.

Na Arousa, a 4 de maio de 2020.

David Mochales Vigo (Portavoz Municipal do BNG).””

O Voceiro do Grupo do PP D. Juan José González considera que tal e como se expón resulta conveniente, e alude á proposta para dotar de alumeado e outras actuacións que se deben acometer, e pide que desde o Concello se teña en conta a estética da zona.

O Sr. Alcalde está de acordo ca moción xa que esa zona quedou desfasada unha vez construída a estrada nova, e reconece que hai que actuar sobre ela.


O Voceiro do Grupo do PP D. Juan José González pide que desde o Concello se faga un estudo e se inicie o procedemento correspondente.

O Voceiro do Grupo do BNG D. David Mochales engade que se pode incluír instar á Xunta de Galicia o remate da obra da estrada autonómica.

O Sr. Alcalde e o Voceiro do Grupo do PP D. Juan José González están de acordo.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os Concelleiros aprobar a moción do Grupo do BNG relativa á mellora da R/ Lagartiño, adoptando os seguintes acordos:

1.- Negociar coa Confraría e demais actores implicados para a cesión do espazo necesario. Posteriormente proceder á ampliación da calzada e a creación de beirarúas e alumeado.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

2.- Trazar un plan de acción común de cara á posta en valor da zona e a seguridade da mesma, tendo en conta as peticións das veciñas e as necesidades, así coma todas executar os acordos anteriores sobre esta Rúa aprobados en anteriores plenos, tendo en conta os seguintes puntos:

- Impacto lumínico (sobre todo de cara o mar).
- Impacto medioambiental: No conxunto da zona, que en menos de 10 anos mudou completamente a paixase, sumándose a esta mesma estrada obras de gran calibre tales coma o Varadoiro e o Pantalán Novo, o que seguramente acarrearía unha baixada de calidade das augas da zona e a súa consecuenta perda de biodiversidade da mesma, tanto no marítimo coma tamén no terrestre.
- Impacto visual (buscando unha coherencia común co entorno, evitando mezclas de estilos incoherentes coma as vistas noutras rúas e zonas locais.

3.- Instar á Xunta de Galicia o remate da estrada PO-299 en canto Administración titular da mesma.

Antes de entrar no punto de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta ós Voceiros dos distintos Grupos Políticos se desexan someter á consideración do Pleno algún asunto non comprendido na orde do día con carácter de urxencia, ó amparo do disposto no artigo 97.3 en relación co artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Voceiro do Grupo do BNG D. David Mochales informa que quere presentar unha moción de apoio ó sector bateiro, instando ás distintas Administracións para súa defensa.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os Concelleiros aprobar a urxencia da moción, ratificando a súa inclusión na orde do día.

Seguidamente procédese a tratar a citada moción.

MOCIÓN DE APOIO Ó SECTOR BATEIRO ANTE A ACTUAL PRIVACIÓN DE DEREITOS E BOICOTS QUE ESTÁN A SUFRIR

A continuación o Voceiro do Grupo do BNG D. David Mochales procede á lectura do contido da moción, que transcrita literalmente di:

“Eu, David Mochales Vigo en calidade de voceiro local do BNG e o abeiro do disposto pola lei, espoño:

Debido a gran cantidade de afectados tras os actos acaecidos por toda a costa galega nos últimos días e a súa influencia directa debido a importancia do sector bateiro na Illa, así coma na Comarca do Salnés e en Galiza en xeral, presentamos esta moción ca intención de dar visibilidade e solución a un problema no que a administración competente, neste caso a Xunta de Galicia xunto ca Consellería de Pesca non da solución nin resposta os actores implicados e así tentar evitar un mal maior dentro deste conflito.

A imposibilidade de manter a situación actual entre bateiros e percebeiros é algo sabido por todos, así coma os casos de coacción e ameazas destes segundos para evitar a extracción(sexa





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

cal sexa a fin), chegando incluso a ameazas tanto físicas coma verbais contra os Bateiros veciños da Illa de Arousa entre outros moitos afectados.

*Todo isto, sumado a falta de cría este ano, fixo que estes días se chegaran a **vivir conatos de agresións**, xunto con **ameazas** en ubicacións coma Cabo Home, Sada ou A Torre de Hercules. Dentro desto topamos diferentes formas de actuación, incluíndo a **abordaxe por parte de outras embarcacións** con folio e rostro dos tripulantes agochados, zanzas ou árbores cortando o paso na estrada.*

Todo isto a pesar de que os bateiros posúen os permisos que por lei lles autoriza para realizar a extracción, e pese a que a GC e os mesmos percebeiros 110s chegan a esixir, estes rematan confinados na estrada sen solucións a vista.

*Ante esta situación, **solicitamos o apoio do Pleno do Concello da Illa de Arousa** para aprobar as seguintes medidas **para tentar apaliar os actos acaecidos e que esta situación evolucione de nivel**. Polo tanto, a sabendas de que **o único actor que pode e debe actuar é a Xunta de Galiza** xunto ca Consellería de Pesca, que emprega a falta de resposta coma sistema xeral nestes casos a pesar da gravidade do asunto, expoñemos as seguintes propostas o pleno CON CARÁCTER DE URXENCIA:*

- 1.- Que o Concello da Illa de Arousa inste a Xunta e a Consellería de xeito inmediato para garantir as medidas necesarias para manter o dereito dos Bateiros a recoller cría nos lugares recollidos o abeiro da lei.*
- 2.- Instar á Delegación de Goberno a poñer os medios necesarios para garantir o traballo dos mariñeiros, así coma a súa seguridade baixo risco de graves danos persoais e materiais.*
- 3.- Que a Xunta de Galicia garanta que se cumpra a lei.*


David Mochales Vigo.””

Toma a palabra o Concelleiro do PP D. Manuel Dios para lembrar que hai un ano trouxeron a debate as declaracións realizadas polos deputados do grupo socialista Dña. María Dolores Toja e D. Xulio Torrado Quintela en contra do sector bateiro, e todo isto que está a pasar é consecuencia desas declaracións. Dixéronse cousas en contra dos bateiros e engade que na actualidade non se pode extraer percebe e que embarcacións da cuarta lista estan a extraer mexilla e vendéndoa por dous euros o quilo. Remata sinalando que non está en contra sempre e cando dispoñan de permisos, pero que é lamentable que membros do PSOE digan que hai que acabar cos permisos ós bateiros para a extracción de mexilla.

O Sr. Alcalde sinala que están de acordo ca moción, e en canto ó sinalado polo Concelleiro do PP remítese ó dito no seu momento sobre as manifestacións dos dous deputados, que non sabe se foi por descoñecemento ou por ineptitude. Engade que se pediu unha rectificación e así o fixeron. Remata sinalando que sempre defenderán ós mariñeiros, bateiros e mariscadores xa que teñen os seus dereitos e teñenb que facer que as administracións o<s respecten.

O Voceiro do Grupo do BNG D. David Mochales non ten nada que engadir.

O Concelleiro do PP D. Manuel Dios engade que cada vez hai máis problemas para a extracción da mexilla, que hai xente que quere crear problemas e que con escritos como o dos





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

dous deputados perxudícase moito ó sector por pensar que se perxudica ós percebeiros. Remata sinalando que os políticos teñen que asesorarse antes de facer este tipo de declaracións.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os Concelleiros aprobar a moción do Grupo do BNG de apoio ó sector bateiro ante a actual privación de dereitos e boicots que están a sufrir, adoptando os seguintes acordos:

- 1.- inste á Xunta de Galicia e á Consellería de xeito inmediato para garantir as medidas necesarias para manter o dereito dos bateiros a recoller cría nos lugares recollidos o abeiro da lei.
- 2.- Instar á Delegación de Goberno a poñer os medios necesarios para garantir o traballo dos mariñeiros, así coma a súa seguridade baixo risco de graves danos persoais e materiais.
- 3.- Que a Xunta de Galicia garanta que se cumpra a lei.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Os Voceiros dos distintos Grupos Políticos non teñen rogos e preguntas que plantexar.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as vinte e cincuenta horas polo Sr. Alcalde se levanta a sesión, da que eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo. Carlos Iglesias Cores

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello

